



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA PARA LIMPEZA DE EDIFICIOS PÚBLICOS MUNICIPAIS. (EXPEDIENTE 2024/E001/000010).

En Mañón, a vinte e oito de xuño de dous mil vinte e catro, reúnese o Tribunal designado para a selección dunha praza para limpeza de edificios públicos municipais (Expediente 2024/E001/000010), de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2024 (competencia delegada pola Alcaldía por Decreto nº 152/2023, de 28 de xuño).

O Tribunal está integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Dna. Carmen Casás López, Auxiliar administrativa do Concello de Mañón.
- Vogais:
 - Primeira vogal: Dna. Tamara Rey Durán, Auxiliar administrativa do Concello de Mañón
 - Segundo vogal: D. Mario Enrique Fernández González, Oficial de servizos do Concello de Mañón.
 - Terceiro vogal: D. Francisco Gómez Ares, Oficial de servizos do Concello de Mañón.
- Secretaria: Dna. Cristina Álvarez Fojo, Administrativa do Concello de Mañón.

Ás 9,30 horas procédese ó chamamento da aspirante.

Comparece á realización da primeira proba a aspirante Dna. MARÍA ANA SIERRA CARUNCHO.

Previas as correspondentes aclaracións do Tribunal, procédese ó inicio da proba do exame ás 09,35 horas que remata ás 09,50 horas sen incidencias.

O Tribunal acorda outorgar a seguinte puntuación:

DNI	PUNTUACIÓN FASE OPOSICIÓN
***0496**	10

Rematado o proceso de oposición iníciase o proceso de concurso mediante a valoración da experiencia profesional de conformidade coas bases da convocatoria resultando as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	DNI	VALORACIÓN MÉRITOS	
		MULLER MAIOR DE 55 ANOS	EXPERIENCIA PROFESIONAL
SIERRA CARUNCHO, MARÍA ANA	***0496**	1	9



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Rematados o proceso de oposición e o proceso de concurso o Tribunal establece a puntuación total da aspirante en ambos procesos:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
SIERRA CARUNCHO, MARÍA ANA	***0496**	10	10	20

Rematado o proceso de avaliación o Tribunal, por unanimidade, acorda propoñer á Alcaldía o nomeamento para o posto convocado a Dna. MARÍA ANA SIERRA CARUNCHO.

A persoa aspirante disporá dun prazo de tres días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, para presentar as oportunas alegacións.

De conformidade coas bases da convocatoria, o Tribunal dispón que se publique unha copia da presente acta nos taboleiros de anuncios do Concello.

Polo Sra. Presidenta dáse por rematado o acto, dispoñendo que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal, de todo o que, como Secretaria certifico.

A Presidente

Carmen Casás López

Vogal primeira

Tamara Rey Durán

Vogal segundo

Mario Enrique Fernández González

Vogal terceiro

Francisco Gómez Ares

A Secretaria

Cristina Álvarez Fojo